



MOCIÓN DOS GRUPOS PROVINCIAIS DO PSd-G-PSOE, BNG-ASEMBLEAS ABERTAS, ALTERNATIVA DOS VECIÑOS, MAREA ATLÁNTICA E COMPOSTELA ABERTA RELATIVA Á ELIMINACIÓN DA PEAXE AG-55

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cómpre facer historia coa AG-55 porque non debemos esquecer de onde vimos. Nos anos 90 decidiuse a construción dunha autovía que uniría A Coruña con Carballo por dous motivos principais: primeiro, contribuír para un maior desenvolvemento económico, social e industrial e, segundo, mellorar a seguranza do tránsito rodado, desconxestionando deste modo as dúas vías existentes, a AC-415 e a AC-552. Mais o que inicialmente era unha autovía reconverteuse nunha autoestrada con peaxe por decisión do goberno galego no ano 1994.

Houbo unha importante mobilización social con multitude de actos reivindicativos: caravanas de automóbiles, concentracións, iniciativas parlamentares, manifestacións, recollida de sinaturas etc... O día 20 de xaneiro de 1995 consévese o espolio e a Xunta de Galicia entrega á empresa ENASA a xestión da autoestrada AG-55, vinculando tamén a de PuxeirosBaiona.

A autovía que nacera como alternativa ás dúas conxestionadísimas estradas comarcais, ao se converter nunha autoestrada de pago, non vai cumprir nestes anos ningún dos obxectivos con que nacera e provocará que tanto a AC-415 como a AC- 552 absorban a maioría do tránsito, composto por unha parte moi importante de circulación pesada e con mercadorías perigosas, provocando problemas de seguranza e de mobilidade na poboación. Coa decisión de construír un Porto Exterior en Arteixo e coa posta en marcha de varios polígonos industriais nas comarcas que atravesan o vial, os problemas incrementáanse.

Mais, a pesar das continuas solicitudes de rescate da concesión, a AUDASA a concesión até o ano 2045 nas vésperas das eleccións autonómicas de 2005.

A creación do Porto Exterior trouxo consigo a construción dun vial de acceso, coñecido como AC-15, que enlaza coa AG-55 na peaxe de Pastoriza. Porén, o 202 proxecto contemplaba que o tránsito portuario non estaría suxeito a peaxe.



Para pór en funcionamento ese vial, que se inaugurou cunha demora evidente, o martes 7 de xuño o Ministerio de Fomento e a Xunta de Galicia asinan un convenio en que non hai eliminación da peaxe para o conxunto de usuarios e usuarias da AG-55, mais faise unha excepción co tránsito portuario e o Ministerio pagará a AUDASA polos meses que restan de 2016 30.000 euros modificables en función do número de movementos.

Todo isto até que o Ministerio de Fomento constrúa un novo vial que conecte o acceso portuario coa rede de estradas do Estado (obra taxada en 29 millóns de euros).

Fomento e a Xunta néganse conscientemente a escoitaren as reiteradas solicitudes da corporación de Arteixo e das veciñas e veciños, que piden que non se faga a nova obra e que se estude o rescate da concesión, xa non só por unha cuestión de equilibrio territorial e medioambiental, mais tamén polo estragamento de recursos públicos: coa construción do novo vial proxectado ficaría en desuso unha parte desta obra, agora inaugurada e, por tanto, millóns de euros abandonados. Por todo isto, e tendo en conta as consecuencias que ten esta infraestrutura no desenvolvemento, na seguranza nas persoas e no equilibrio ambiental e territorial da zona, o Pleno da Corporación provincial da Coruña:

ACORDA

1. Rexeitar o convenio asinado pola Xunta de Galicia e o Ministerio de Fomento que mantén a peaxe na AG-55 para o conxunto da poboación e que crea, ao mesmo tempo, unha peaxe na sombra pagada con cartos públicos para o tránsito portuario.
2. Rexeitar a imposición de futuras peaxes como consecuencia da futura construción de enlaces co vial AC-15 de acceso ao Porto de Punta Langosteira en Arteixo.
3. Solicitar á Xunta de Galicia a eliminación total da peaxe da AG-55 para o conxunto da poboación.
4. Dar traslado destes acordos á Xunta de Galicia e ao Goberno do estado.